

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS VECIÑAIS SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL DURANTE O EXERCICIO 2026.

1. OBXECTO E FINALIDADE

1. Estas bases teñen por obxecto establecer as normas para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas económicas ás asociacións veciñais constituídas como tales, e con ámbito de actuación no Concello de Santiago para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral durante o exercicio 2026. A finalidade destas subvencións é o fomento e fortalecemento do movemento asociativo veciñal da cidade, apoiando a súa capacidade para desenvolver actividades de interese xeral, dinamizar a vida dos barrios e favorecer a participación da veciñanza.

Para os efectos desta convocatoria considéranse subvencionables os gastos necesarios para o desenvolvemento de actividades de interese xeral para a cidadanía que se sinalan na base 5. Unha mesma solicitude poderá comprender dúas tipoloxías de gasto: por unha banda, os gastos derivados de programas e actividades que favorezan a participación entre a veciñanza; e, por outra, os gastos de funcionamento necesarios para o cumprimento dos fins propios da asociación e para o desenvolvemento das actividades obxecto de subvención.

2. Quedan **excluídas do ámbito de aplicación desta convocatoria** as seguintes actividades:

- As que obtivesen ou soliciten subvención para a mesma finalidade por parte doutra concellaría ou noutra convocatoria do Concello de Santiago de Compostela, así como as que non se encadren dentro do ámbito de actuación do departamento de Relacións Veciñais.
- As que a xuízo da Comisión Avaliadora que se define na base 8, teñan escasa relevancia e/ou carezan de interese xeral.

2. CONTÍA DA SUBVENCIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

A contía total que se destina a esta finalidade é de 90.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 070 33404 4890100.

As contías individuais terán as limitacións que se recollen na base 5.

3. REQUISITOS DAS ASOCIACIÓNS BENEFICIARIAS

Poderán acollerse a esta convocatoria todas as asociacións veciñais do municipio de Santiago de Compostela que cumpran os seguintes requisitos:

1. Figurar **inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Santiago** con anterioridade á publicación desta convocatoria, e ter actualizados os seus datos no citado rexistro consonte o que dispón o artigo 17 do Regulamento de participación cidadá do Concello de Santiago de Compostela.

Bases de Convocatoria de Subvención
RELACIÓNS VECIÑAIS

2. Estar ao **corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social coas seguintes administracións:**

- Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT)
- Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)
- Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS)
- Concello de Santiago de Compostela

A este respecto, as entidades solicitantes deberán cumprimentar no apartado de declaracións responsables da solicitude e da xustificación as certificacións de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e fiscais coas administracións arriba citadas. As entidades que opten a un importe superior a 3.000 euros por seren propietarias do inmovible sede da asociación deberán, ademais, achegar as certificacións correspondentes nos termos previstos na base 6.

3. **Non estar incursas** as entidades ou persoas que ostentan a representación legal das mesmas, en ningunha das **prohibicións para obter a condición de beneficiario das subvencións** previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. **Acompañar á solicitude a documentación preceptiva** detallada na base 6 desta convocatoria.

4. OBRIGAS DAS ASOCIACIÓNS BENEFICIARIAS

Os beneficiarios das subvencións estarán obrigados ao cumprimento das disposicións que sinala o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as que, especificamente se relacionan a seguir:

- a) Cumprir co obxectivo das actividades obxecto da subvención.
- b) Xustificar o cumprimento da finalidade da actividade obxecto da concesión da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e achegar a información que se lle requira.
- d) Comunicarlle ao Concello de Santiago a solicitude e a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, calquera que sexa a súa procedencia (outras administracións públicas, entidades privadas ou particulares). Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación, e non poderá supoñer que o conxunto de axudas concorrentes supere o custo da actividade subvencionada, consonte o límite establecido na base 9.
- e) Non modificar a programación das actividades sen coñecemento e autorización expresa da Comisión Avaliadora que se sinala na base 8.
- f) Facer constar en toda a publicidade e difusión do programa subvencionado a colaboración do Concello.
- g) Publicar e dar publicidade ás datas e lugares definitivos das actividades.
- h) Utilizar o idioma galego tanto na publicidade como nos programas e nas actividades.

Bases de Convocatoria de Subvención RELACIÓNS VECIÑAIS

- i) Xustificar a subvención nas dúas fases e prazos establecidos na base 10, e reintegrar, de ser o caso, os importes anticipados non xustificados.

Destas obrigas responderán as asociacións solicitantes a través dos seus representantes legais, que serán os que asinen a solicitude. Se houberse cambios na citada representación, deberán comunicarllo ao departamento de Relacións Veciñais. Os novos representantes subrogaranse nas obrigas indicadas nesta convocatoria.

5. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Considéranse **gastos subvencionables** os que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do prazo de xustificación correspondente ao seu tramo, conforme á base 10.

Considerarase gasto subvencionable o que, cumprindo as condicións anteriores, foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación que figura na Base 10 da presente convocatoria, de acordo coas seguintes especificacións:

- a) **Primeiro tramo:** gastos realizados entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro, e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do prazo de xustificación establecido na base 10 para esta fase.
- b) **Segundo tramo:** gastos realizados entre o 1 de outubro e o 31 de decembro, e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do prazo de xustificación establecido na base 10 para esta fase.

Imputación temporal dos gastos. Con carácter xeral, cada gasto imputarase ao tramo no que se atope comprendida a **data de emisión da factura ou documento xustificativo**, sen que unha mesma factura poida fraccionarse entre os dous tramos.

Non obstante, cando unha factura corresponda a un servizo de prestación continuada cuxo período de cobertura exceda do ano da convocatoria (pólizas de seguro, mantemento de dominios e servizos web, contratos de tracto sucesivo e análogos), só será subvencionable a parte do **importe proporcional aos meses de cobertura comprendidos dentro do ano da convocatoria**. Para estes efectos deberá **achegarse copia da póliza ou do contrato no que conste o período de cobertura; de non acreditarse, o gasto non será admitido**.

A parte do gasto correspondente a meses situados fóra do ano da convocatoria poderá imputarse, de ser o caso, á convocatoria do exercicio ao que corresponda, sempre que se cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras dese exercicio.

2. Tipoloxía de gastos subvencionables:

- Bloque 1.- Prestación de servizos de información e asesoramento, comunicación e divulgación: publicacións, boletíns, revistas, etc.
- Bloque 2.- Formación e ocio. Obradoiros, cursos, charlas, coloquios, conferencias, excursións, sendeirismo, exposicións, etc.
- Bloque 3.- Participación da cidadanía e apoio a outros colectivos do barrio: debates, mesas redondas, asembleas, encontros, foros. Campañas de divulgación e de sensibilización, tanto de temas relacionados coa problemática específica de cada

Bases de Convocatoria de Subvención RELACIÓNS VECIÑAIS

barrio, como de outros temas relacionados coa igualdade, sostibilidade, condutas cívicas de limpeza, orde e coidado do barrio, atención a sectores con dificultades, coñecemento e respecto dos dereitos humanos, fomento do voluntariado, a educación en valores, a convivencia interxeracional e intercultural, os nosos maiores, os mozos, etc. Actividades que fomenten a conciliación familiar e laboral. Participación en procesos participativos e programas municipais. Campañas de captación. Colaboración cos centros socioculturais.

- Bloque 4.- Actividades socioculturais: recuperación da cultura, historia e tradición locais, eventos festivos, culturais e deportivos cuxo obxectivo sexa mellorar a convivencia, que non sexan obxecto de axudas municipais específicas e que favorezan a relación, colaboración e integración entre a veciñanza. Programas de axuda e colaboración entre os veciños e veciñas. Alugueiro de carpas e equipos audiovisuais (montaxe e desmontaxe).

Tamén se consideran gastos de actividades os seguros de responsabilidade civil vinculados á súa realización.

- Bloque 5.- Gastos de funcionamento:
 - Pequenos arranxos e gastos de mantemento e conservación no local sociocultural municipal que usa a asociación (derivados do uso da asociación) no caso de que sexa un local de titularidade da asociación de veciños.
 - Gastos de mantemento e conservación, auga, gas, luz, internet, combustible, material de limpeza, gastos de comunidade de propietarios, seguridade, etc, no caso de que sexa un local de titularidade da asociación de veciños.
 - Gastos de consumo de telefonía da asociación.
 - Gastos de comunicacións, pequenas reparacións informáticas, mantemento de liñas ADSL, mantemento de equipos informáticos e das aplicación Web e ou presenza dixital (web, blogues, etc).
 - Gastos de administración xeral e material funxible de oficina, material de papelería, material informático non inventariable, gastos de correo e análogos, derivados da organización da actividade asociativa xeral da asociación.
 - Gastos de asesoría, de asesoramento xurídico.
 - Gastos de prensa, xornais, etc.
 - Gastos de xestión administrativa e rexistral da entidade: honorarios notariais e rexistrais, e taxas pola expedición de documentos, certificacións e inscricións ante rexistros públicos e administracións, derivados da elaboración ou modificación de estatutos, da inscrición ou actualización da xunta directiva e de trámites análogos necesarios para o mantemento da personalidade xurídica e da representación legal da entidade.
 - Comisións e gastos de mantemento e administración da conta bancaria da que sexa titular a asociación.

3. Gastos non subvencionables. En ningún caso terán a consideración de gastos subvencionables:

Bases de Convocatoria de Subvención RELACIÓNS VECIÑAIS

- A. Os gastos inventariables, entendendo por tales os bens de carácter duradeiro que se incorporan ao patrimonio da entidade (mobiliario, equipamentos e análogos), por oposición ao material funxible.
- B. Os gastos das nóminas de persoal.
- C. Os gastos de adquisición de bebidas alcohólicas.
- D. Os intereses debedores de contas bancarias, os intereses de mora, as recargas e sancións administrativas e penais, as multas, os gastos derivados de procedementos xudiciais e os impostos persoais sobre a renda. Tampouco serán subvencionables os tributos cando a entidade beneficiaria poida recuperalos ou compensalos. Esta exclusión enténdese sen prexuízo dos gastos expresamente admitidos no bloque 5.
- E. Os pagos realizados en efectivo por importe superior a 600 euros (IVE incluído).
- F. Os pagos realizados con tarxetas bancarias cuxo titular non sexa a entidade beneficiaria, así como calquera pago que non se realice con cargo a conta da que sexa titular a entidade beneficiaria.
- G. Os gastos que non se acrediten mediante factura ou documento de valor probatorio equivalente; en particular, os simples tiques de caixa, notas de entrega e albarás.
- H. Os gastos realizados ou pagados fóra do período subvencionable establecido na base 5.1.

4. O importe da subvención non poderá superar o 80% do orzamento de gastos detallado no formulario de solicitude. En todo caso, aplicarase o límite máximo de 3.000 euros por solicitude, que se elevará a 5.100 euros cando se trate de entidades veciñais propietarias de equipamentos socioculturais. Cando a aplicación do 80% dese un resultado superior a eses importes, a subvención quedará limitada ao máximo que corresponda.

5. Se a suma das subvencións outorgables a quen reúna os requisitos para acceder ás axudas, fora superior ao crédito orzamentario previsto na base 2, prorratearase a contía sinalada entre os beneficiarios da subvención, consonte co disposto polo artigo 22 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

6. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

1. As asociacións interesadas deberán presentar a **solicitude debidamente cuberta**, que se recolle no **modelo VE007**, asinada electrónicamente polo representante expresamente nomeado para a tramitación da subvención. Este representante deberá ser designado pola asociación de veciños nunha reunión da súa xunta directiva na que se acorde solicitar a subvención obxecto desta convocatoria.

Na solicitude, (**MODELO VE007**) figurará entre outros datos a contía da axuda solicitada e así como:

- 1. **Solicitude de pagamento anticipado** do 30% da contía da subvención concedida.
- 2. **Memoria descriptiva das actividades** para as que se solicita a subvención.

**Bases de Convocatoria de Subvención
RELACIONES VECIÑAIS**

3. Certificación do secretario/a da asociación sobre o **acordo de solicitude de subvención** e de **nomeamento do/a representante**.
4. **Certificación do número actual de socios**, expedida polo secretario/a da entidade.
5. **Declaracións xuradas**, asinadas polo representante legal nomeado pola asociación, na que se declare:
 - a. Que a entidade veciñal está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS) e co Concello de Santiago de Compostela.
 - b. Que cumpre con todas as disposicións legais, regulamentaria e convencionais vixentes en materia laboral, seguridade social, seguridade e saúde no traballo e igualdade entre mulleres e homes.
 - c. Que a asociación veciñal non está inhabilitada nin incurso en prohibición para acceder á condición de beneficiarios de subvencións da Administración Pública de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
 - d. Se solicitou ou non outras axudas para cubrir a mesma finalidade e, de ser o caso, qué axudas se lles concederon.
 - e. Que os importes non subvencionables fináncianse con fondos propios ou con outros, de ser este o caso, indicar cales.
6. **Oposición expresa á consulta de verificación de datos por parte do Concello de Santiago de Compostela**: no caso de opoñerse á consulta, deberá presentar o Certificado actualizado que acredite estar ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias co Concello de Santiago de Compostela.

2. A solicitude de subvención deberá presentarse acompañada da seguinte **documentación complementaria**:

A) En todos os casos:

1. NIF da entidade solicitante.
2. DNI-NIF/NIE do representante.
3. Formulario normalizado VE007.
4. ANEXO – Relación de custos de actividades e funcionamento (excel)
5. Certificación de titularidade da conta bancaria na que figure a asociación veciñal como titular e se faga constar o número de conta en formato IBAN e o código BIC da entidade bancaria.

A documentación dos apartados 1), 2) e 5) non será preciso achegala no caso de que se presentara en anos anteriores e sempre que non sufrira ningunha modificación (artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

B) Documentación adicional para entidades que optan a un importe superior a 3.000 euros por seren propietarias do inmovible sede:

As entidades propietarias do inmovible sede da asociación e lugar onde desenvolven as actividades obxecto de subvención, que poden optar a un importe superior a 3.000 euros,

Bases de Convocatoria de Subvención
RELACIÓNS VECIÑAIS

deberán achegar, adicionalmente á documentación indicada no apartado A), a seguinte documentación:

1. Documento que acredite a propiedade do inmoble sede da asociación e lugar onde desenvolven as actividades obxecto de subvención.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fiscais das seguintes administracións:
 - Certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT)
 - Certificación da Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)
 - Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS)
 - Certificación do Concello de Santiago de Compostela. Só no caso de que a entidade se opoña expresamente a autorizar ao Concello de Santiago a realizar a consulta de verificación dos datos, a entidade interesada deberá achegar a certificación correspondente.

C) Só se existen modificacións respecto da documentación que consta no Rexistro Municipal de Asociacións:

1. Copia dos estatutos legalizados nos que consten as modificacións producidas.

O Concello poderá solicitar, se o considera oportuno para a resolución do procedemento, calquera outro documento que estime conveniente, así como a comprobación dos datos recollidos na solicitude.

A documentación complementaria deberá presentarse electrónicamente, xunto co modelo **VE007**. Os/as solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a **administración** poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

3. As asociacións que o precisen poderán contar co asesoramento do departamento de Relacións Veciñais, ata o día anterior ao do remate do prazo de presentación da solicitude.

7.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE:

1. Forma de presentación. As solicitudes de subvención presentaranse no modelo **VE007** cuberto de xeito correcto na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela: <https://sede.santiagodecompostela.gal>

Para realizar a presentación telemática, deberá dispoñer dun dos sistemas de sinatura electrónica admitidos na sede electrónica do Concello. Poderá presentarse tamén a través dos restantes rexistros electrónicos aos que fai referencia o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Prazo de presentación. O prazo de presentación das solicitudes e da documentación será de **10 días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvención nos termos do art. 30 da LPAC e RD 130/2019 de 8 de marzo.

8. INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO E CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS

1. O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia concordante coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada Lei 38/2003 e coa Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do procedemento administrativo común e das administracións públicas.

A Concellaría de Relacións Veciñais revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen a documentación esixida. Se está incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados no prazo de dez días, con indicación de que, de non facelo, se lle terá por desistido da súa solicitude, logo de resolución expresa (artigo 68 da LPAC).

2. A valoración das solicitudes corresponderalle a unha **Comisión Avaliadora**, coa función de valorar os proxectos presentados conforme á convocatoria e a elevación do informe preceptivo.

A composición da comisión quedará integrada por:

- A concelleira delegada de Relacións Veciñais, que actuará como presidenta.
- O técnico responsable do departamento de Relacións Veciñais.
- Un representante do departamento de Centros Socioculturais.
- Un representante veciñal do Consello de Relacións Veciñais.
- Secretario/a da comisión, persoal municipal designado para o efecto.

O representante veciñal do Consello de Relacións Veciñais deberá absterse de intervir na valoración cando concorra á convocatoria a asociación á que pertenza, así como en calquera outro suposto previsto no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. A abstención farase constar na acta da comisión, e a valoración das solicitudes afectadas realizarase sen a súa participación. Esta previsión será igualmente aplicable a calquera outro membro da comisión no que concorra algunha das causas de abstención legalmente establecidas.

3. Rematada a instrución do procedemento, o expediente remitiráselle á antedita comisión, que **avaliará as solicitudes presentadas e emitirá un informe co resultado da puntuación obtida**.

O informe deberá conter, para cada solicitude, a puntuación outorgada en cada un dos criterios establecidos na base 9, coa indicación expresa dos elementos da memoria e da documentación presentada nos que se fundamenta a puntuación asignada. Non abondará coa mera consignación numérica dos puntos: deberá quedar acreditado o razoamento que xustifica a asignación de cada puntuación, de modo que resulte posible coñecer as razóns concretas polas que unha solicitude obtén unha puntuación e non outra.

4. O órgano instructor, á vista do expediente e do resultado da acta da comisión avaliadora, formulará unha **proposta de resolución**. O órgano competente para resolver a concesión das subvencións é a **Xunta de Goberno Local**, que ditará resolución definitiva motivada segundo o disposto nas bases e de acordo coa antedita proposta de resolución.

O departamento de Relacións Veciñais notificaralles o acordo aos interesados.

Bases de Convocatoria de Subvención RELACIÓNS VECIÑAIS

A concesión en firme das subvencións xerará un dereito a favor da asociación beneficiaria e correlativo compromiso de gasto para o Concello, que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión.

Calquera alteración das condicións que se teñan en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos de financiamento procedentes de outras administracións públicas ou entidades, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

5. Dado que a subvención municipal non pode superar o 80% do custo da actividade, a entidade beneficiaria debe acreditar a realización da actividade na súa totalidade, e non unicamente na parte financiada polo Concello. En consecuencia, na resolución de concesión farase constar expresamente:

- a) O **importe concedido**, que é a contía total que o Concello aboará á entidade.
- b) O **importe do pagamento anticipado**, equivalente ao 30% do importe concedido, que se aboará logo da concesión da subvención sen xustificación previa, no caso de elixir esta opción.
- c) O **importe do pagamento final**, equivalente ao 70% restante, que se aboará logo da presentación e comprobación favorable da xustificación correspondente ao primeiro tramo.
- d) O **importe mínimo total a xustificar**, que se obterá dividindo o importe concedido entre 0,8. A diferenza entre ambos os importes corresponde á parte do custo da actividade financiada pola propia entidade ou por outros recursos.
- e) A **desagregación do importe mínimo a xustificar en dúas fraccións**, correspondentes respectivamente ao primeiro e ao segundo tramo, obtidas aplicando a mesma operación sobre o importe de cada pagamento.

A modo de exemplo: para unha subvención concedida de 2.000 euros, o importe mínimo total a xustificar será de 2.500 euros ($2.000 \div 0,8$), dos cales 1.750 euros corresponden ao primeiro tramo (pagamento final de 1.400 euros) e 750 euros ao segundo tramo (pagamento anticipado de 600 euros).

De non xustificarse o importe mínimo sinalado no acordo de concesión, procederá a redución proporcional da subvención nos termos previstos na base 13.

De conformidade co artigo 42.1, parágrafo segundo, do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, as entidades beneficiarias quedan exoneradas da constitución de garantía polo importe anticipado, atendendo á natureza das actuacións financiadas e ás características das entidades destinatarias desta convocatoria, nos termos motivados no expediente.

9. CRITERIOS OBXECTIVOS DE CONCESION E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

1. As asociacións deberán acreditar na memoria e na documentación presentada o cumprimento daquelas circunstancias polas que se outorgan puntos. A ausencia de información suficiente nun criterio determinará a puntuación de cero puntos nese criterio.

Bases de Convocatoria de Subvención
RELACIÓNS VECIÑAIS

2. A Comisión Avaliadora formulará a proposta de concesión ou denegación da subvención, valorando de 0 a 18 puntos cada unha das solicitudes presentadas, así como a súa contía económica, tendo en conta os seguintes criterios:

Criterio	Puntuación
A. Interese xeral da actividade para a veciñanza. Valórase o alcance da actividade e o seu carácter aberto. Terase en conta se a actividade se dirixe exclusivamente ás persoas asociadas ou está aberta ao conxunto da veciñanza; o ámbito territorial ao que se dirixe (parroquia, barrio, varios barrios ou cidade); e a súa contribución á dinamización e cohesión do ámbito no que se desenvolve. Acreditarase a través da memoria descritiva.	Ata 3
B. Maior número de participantes. Valórase o número de persoas destinatarias das actividades programadas, conforme aos seguintes tramos: ata 50 participantes, 1 punto; de 51 a 200 participantes, 2 puntos; máis de 200 participantes, 3 puntos. O número de participantes deberá constar na memoria descritiva e acreditarase na xustificación.	Ata 3
C. Carácter permanente e continuo da actividade ou programa durante todo o ano. Valórase a distribución temporal da programación: a súa periodicidade, a súa duración e o feito de que se manteña ao longo do exercicio, fronte a actuacións illadas ou puntuais. Acreditarase mediante o calendario e a periodicidade indicados na memoria.	Ata 3
D. Actuacións dirixidas a colectivos desfavorecidos ou con especiais dificultades de inserción social. Valórase que as actuacións se dirixan de forma específica a colectivos como as persoas maiores, vítimas de violencia de xénero, persoas con discapacidade, minorías étnicas, persoas en situación de vulnerabilidade social ou análogos. Terase en conta a identificación expresa do colectivo destinatario e a adecuación das actividades ás súas necesidades.	Ata 3
E. Orixinalidade e carácter innovador da actividade. Valórase que a actividade introduza contidos, formatos ou metodoloxías novas respecto da programación habitual da entidade ou da existente no ámbito de actuación.	Ata 1
F. Incidencia da actividade na promoción da igualdade entre homes e mulleres. Valórase a inclusión de actuacións, contidos ou medidas dirixidas á promoción da igualdade efectiva entre mulleres e homes, así como o	Ata 1

Bases de Convocatoria de Subvención
RELACIÓNS VECIÑAIS

Criterio	Puntuación
emprego de linguaxe e imaxes non sexistas nos materiais.	
G. Actividades realizadas en colaboración co Concello. Valórase a participación en programas, campañas ou procesos participativos municipais, así como a colaboración cos centros socioculturais, acreditada documentalmente.	Ata 1
H. Calidade e deseño da publicidade, folletos, carteis, dípticos en galego. Valórase a existencia de materiais de difusión, o seu uso do idioma galego, a claridade da información que conteñen (datas, lugares, destinatarios) e a inclusión da imaxe e mención da colaboración do Concello. Acreditarase mediante a achega dos materiais.	Ata 1
I. Maior número de persoas asociadas da entidade. Valórase o número de persoas asociadas conforme aos seguintes tramos: • Ata 50, 0,5 puntos. • De 51 a 150, 1 punto. • De 151 a 300, 1,5 puntos. • Máis de 300, 2 puntos. Acreditarase mediante a certificación do secretario/a prevista na base 6.	Ata 2

Puntuación máxima: 18 puntos.

3. As subvencións obxecto desta convocatoria tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, comparando as solicitudes presentadas e establecendo unha prelación entre elas, consonte cos criterios de concesión establecidos nestas bases e adxudicando co límite fixado na base 2.

A contía máxima que se concederá a cada solicitude virá limitada pola puntuación que acade:

- De 1 a 6 puntos: máximo 1.800 € (ou 3.060 no caso de ser entidade propietaria do equipamento).
- De 7 a 12 puntos: máximo 2.400 € (ou 3.840 no caso de ser entidade propietaria de equipamento).
- De 13 a 18 puntos: máximo 3.000 € (ou 5.100 no caso de ser entidade propietaria de equipamento).

O importe da subvención determinarase prorrateando proporcionalmente en función dos puntos obtidos, tomando como referencia os tramos sinalados. No caso de existir un remanente sobrance a comisión poderá aumentala cantidade outorgada a cada entidade entre todas as entidades que cumpran as bases.

Bases de Convocatoria de Subvención RELACIÓN VECIÑAIS

No caso de entidades que sexan propietarias de equipamentos socioculturais que non teñan convenio específico en vigor co Concello, a cantidade final concedida como subvención verase incrementada.

5. A cantidade final correspondente obterase logo de multiplicar o coeficiente de 1,4 ou 1,6 ou 1,8 (segundo sexa o tamaño pequeno, menos de 150 metros cadrados (LSC2 e LSC3); medio, máis de 150 metros cadrados e menos de 500 metros cadrados (LSC1) ou grande máis de 500 metros cadrados (CSC), segundo a tipoloxía aprobada polo Concello) pola cantidade obtida inicialmente. Este coeficiente poderá ser aplicado só ás entidades propietarias e titulares de equipamentos que teñen que soportar máis custos (luz, gas, gasóleo, auga, internet, telefonía, limpeza) que outras asociacións residentes en equipamentos sostidos directamente polo concello e que poden ser causa de agravio comparativo.

6. O Concello só poderá subvencionar o 80% do importe de cada proxecto ou actividade. Se a asociación recibe outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para financiar esas actividades, (outorgadas por outras administracións, entidades privadas ou por particulares) deberá acreditarse que a suma da subvención municipal e esas posibles axudas, subvencións ou recursos, non supera o 100% do importe da actividade subvencionada.

10. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

1. A **xustificación da subvención realizarase en dúas fases**, correspondentes aos dous tramos do período subvencionable definidos na base 5. Os lugares e a forma de presentación da xustificación serán os mesmos previstos na base 7 para a presentación da solicitude.

- **Primeira fase - Prazo de presentación: ata o 15 de outubro de 2026.** Comprende os gastos correspondentes ao primeiro tramo, e o importe mínimo a xustificar será o sinalado na letra e) da base 8.5 para esa fracción.
- **Segunda fase – Prazo de presentación: ata o 15 de xaneiro de 2027.** Comprende os gastos correspondentes ao segundo tramo, e o importe mínimo a xustificar será o sinalado na letra e) da base 8.5 para esa fracción. Esta segunda fase non xera pagamento algún, ao corresponder a fondos xa aboados anticipadamente.

En ambas as fases presentarase o formulario **VE008** co contido previsto nos apartados seguintes, referido aos gastos do tramo correspondente, xunto coa documentación complementaria que se indica.

2. A xustificación constitúe un acto obrigatorio da entidade beneficiaria e consiste na acreditación do gasto realizado, baixo a responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos deste: facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel, cuxo importe total deberá cubrir como mínimo o importe a xustificar correspondente a cada fase.

3. Para a xustificación da subvención, as entidades beneficiarias deberán presentar electrónicamente o **modelo VE008**, asinado electrónicamente polo representante da asociación designado para a tramitación da subvención, co seguinte contido:

- **Memoria xustificativa** do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades, atendendo con especial interese á súa

Bases de Convocatoria de Subvención
RELACIÓNS VECIÑAIS

duración, a quen vai dirixida a actividade, ao número de participantes e aos resultados obtidos.

- **Declaración responsable** asinada polo representante legal da asociación, na que se declare:
 - Que a entidade veciñal está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS) e co Concello de Santiago de Compostela.
 - Que cumpre con todas as disposicións legais, regulamentaria e convencionais vixentes en materia laboral, seguridade social, seguridade e saúde no traballo e igualdade entre mulleres e homes.
 - Que a asociación veciñal non está inhabilitada nin incurso en prohibición para acceder á condición de beneficiarios de subvencións da Administración Pública de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvención de Galicia.
 - Se solicitou ou non outras axudas para cubrir a mesma finalidade e, de ser o caso, qué axudas se lles concederon.
 - Que os importes non subvencionables fináncianse con fondos propios ou con outros, de ser este o caso, indicar cales.
- As **entidades propietarias do inmovible** que poden optar a un importe superior a 3.000 euros, deberán achegar as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fiscais das seguintes administracións:
 - Certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT)
 - Certificación da Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)
 - Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS)
 - Certificación do Concello de Santiago de Compostela. Só no caso de que a entidade se opoña expresamente a autorizar ao Concello de Santiago a realizar a consulta.

4. Xunto co modelo **VE008** achegárase a seguinte **documentación complementaria**:

1. **DNI-NIF/NIE do representante.** Non será necesario no caso de telo presentado en anos anteriores e non sufrira variación.
2. **ANEXO: Relación (excel) de facturas derivadas de gastos de actividades e de gastos de funcionamento,** con indicación da data da factura, do número de factura, o importe, provedor, concepto, data e forma de pago (transferencia-TR, domiciliación-DO, tarxeta-TC, cheque/talón-CH, efectivo/metálico-ME).
3. **Compilación de copias das facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel,** e dos documentos que acrediten o pagamento de cada unha delas.

A orde dos documentos xustificativos que se presenten debe coincidir coa numeración da Relación en excel. Cada factura irá seguida do documento que xustifique o seu pagamento; por cada factura, un xustificante de pago que deberá facer referencia ao provedor, ao número de factura e ao importe.

Bases de Convocatoria de Subvención RELACIÓNS VECIÑAIS

Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable. Considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, o IVE de forma diferenciada, base impositible, tipo de IVE aplicable e importe total.

4. **Documentación que acredite a publicidade** da colaboración do Concello de Santiago de Compostela nas actividades obxecto de subvención (cartelería, folletos informativos, boletíns, dípticos, material didáctico, fotografías e outros).

5. A **acreditación do pagamento dos gastos subvencionados** realizarase mediante a documentación que se indica a continuación, segundo a forma de pago empregada:

- **Transferencia bancaria ou domiciliación** (forma preferente): xustificante efectivo de pago bancario con referencia ao provedor, ao número de factura e ao importe.
- **Cheque**: copia do cheque asinado e xustificante bancario que acredite que o destinatario o fixo efectivo.
- **Efectivo**: a propia factura, na que se faga constar que se recibiu o importe, mediante a expresión "cobrado", "pagado", "contado" ou outra análoga, coa data do abono e o selo ou sinatura de quen recibe o pagamento. O pago en efectivo terá carácter excepcional e está sometido ao límite previsto na base 5.2.

Todos os pagos relacionados coa finalidade da subvención deberán realizarse con cargo a unha conta da que sexa titular a entidade beneficiaria. Non se admitirán as ordes de transferencia nin as relacións completas do extracto bancario. Cada factura deberá acompañarse do seu xustificante efectivo de pago. Non se admitirán tampouco os documentos excluídos na base 5.2.

6. Regras xerais da xustificación.

- Deberá acreditarse que se trata de gastos xa realizados e pagados. Considérase gasto realizado, segundo o artigo 31.2 da Lei Xeral de Subvencións, *o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola norma reguladora de subvención.*
- Os gastos deben cumprir co obxecto e finalidade da subvención.
- Deberase xustificar, como mínimo, o importe a xustificar correspondente a cada fase, calculado conforme ao previsto na base 8. No caso de que non se xustifique debidamente a totalidade do importe mínimo esixido, reducirase proporcionalmente a subvención na parte que corresponda.
- Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, de ser o caso, á incoación de expediente de reintegro nos termos previstos na base 13.

11. PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

Bases de Convocatoria de Subvención RELACIÓNS VECIÑAIS

1. O pagamento da subvención realizarase de forma fraccionada, nos seguintes termos:

a) **Pagamento anticipado.** Aboarase o 30% do importe concedido logo da resolución de concesión, sen xustificación previa. Este aboamento ten a consideración de **financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención**, nos termos previstos no artigo 34.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo a que as entidades beneficiarias son asociacións veciñais sen ánimo de lucro que carecen de recursos propios suficientes para financiar transitoriamente a execución das actividades subvencionadas.

b) **Pagamento final.** Aboarase o 70% restante logo da presentación e comprobación favorable da xustificación correspondente á primeira fase, nos termos previstos na base 10.

2. Con carácter previo a cada pagamento comprobarase que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e co Concello de Santiago de Compostela, así como que non é debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.

3. O pagamento materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira sinalada pola asociación beneficiaria na documentación que achegue, da que deberá ser titular.

4. Para o aboamento do pagamento final, cumpridas as esixencias de documentación na xustificación da primeira fase e con proposta do órgano xestor, remitiráselle o expediente á Intervención Municipal para que emita o preceptivo informe de fiscalización. Se este é favorable, a Xunta de Goberno Local resolverá a aprobación do recoñecemento da obriga a favor da asociación beneficiaria e tramitarase a correspondente orde de pagamento.

5. **Réxime de garantías.** De conformidade co artigo 42.1, parágrafo segundo, do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, as entidades beneficiarias quedan **exoneradas da constitución de garantía polo importe anticipado**, atendendo a que se trata de asociacións veciñais sen ánimo de lucro e sen actividade económica, que desenvolven actividades de interese xeral sen retorno económico e de contía reducida. O cumprimento das súas obrigas queda asegurado pola limitación do anticipo ao 30% da subvención, polo sometemento ás actuacións de comprobación e control, e polo réxime de reintegro previsto na base 13.

12. PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS

De conformidade co artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Base de Datos Nacional de Subvencións opera como sistema nacional de publicidade de subvencións. Para tales efectos, remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións a información sobre esta convocatoria e sobre as resolucións de concesión que recaian, nos termos establecidos no artigo 20 da citada lei.

13. INCUMPRIMENTOS, REINTEGROS E SANCÍONS

Bases de Convocatoria de Subvención RELACIÓNS VECIÑAIS

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras ou na demais normativa de aplicación, así como das condicións que, no seu caso, se establezan no acordo de concesión, e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención ou á devolución total ou parcial das subvencións concedidas, así como dos xuros de demora correspondentes.
2. A falta de presentación da documentación xustificativa no prazo estipulado suporá a perda da subvención e conlevará as demais responsabilidades previstas na Lei Xeral de Subvencións.
3. Iniciarase **expediente de reintegro, parcial ou total**, nos seguintes supostos:
 - a) Cando se comprobe que se falsearon os datos da solicitude e/ou da documentación presentada.
 - b) Cando a subvención non se destinase ao financiamento dos fins e actividades para os que se concedeu.
 - c) Cando a porcentaxe de custo xustificado das actividades subvencionadas sexa inferior á porcentaxe de custo subvencionado.
 - d) Nos demais supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 - e) Cando non se xustifique, no prazo e forma establecidos, o importe correspondente ao pagamento anticipado.
4. As asociacións beneficiarias da subvención quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador sinalados no título IV da Lei Xeral de Subvencións.

14. RÉXIME DE RECURSOS

As resolucións expresas ou presuntas recaídas en aplicación do disposto nestas bases reguladoras esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer os seguintes recursos:

- Potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da correspondente notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da correspondente notificación, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se producise o acto presunto.

15. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de

Bases de Convocatoria de Subvención
RELACIÓNS VECIÑAIS

Santiago de Compostela publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá igualmente as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideran impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e a referida publicidade.

16. NORMATIVA APLICABLE E INTERPRETACIÓN.

1. Para o non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo que aproba o seu regulamento, a Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; a Resolución de 10 de decembro, da intervención xeral da administración do estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no sistema nacional de publicidade de subvencións (BOE núm. 299 do 15/12/2015) e as Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Santiago de Compostela 2025.

2. Calquera interpretación destas bases reguladoras será realizada pola comisión avaliadora definida no punto 8.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.